




**DEBUXO TÉCNICO APLICADO ÁS
ARTES PLÁSTICAS E AO DESEÑO II**

O exame consta de **4 preguntas obligatorias**: a 1 e a 2, de 2 puntos; a 3 e a 4, de 3 puntos. Os debuxos realizaranse a lapis no **DIN A-3** achegado; poderase aplicar outra técnica se o especifica o enunciado. Indicaranse as construcións gráficas auxiliares necesarias para a resolución do exercicio.




PREGUNTA 1. XEOMETRÍA, ARTE E CONTORNO.

Observe no exemplo de Nadja Buechler as tres propostas de deseño dun morcego e debuxe, nunha delas, a retícula e as construcións xeométricas que dan lugar ós enlaces de cada deseño e identifique os centros e puntos de tanxencia das curvas que o configuran. O exercicio pode resolverse a man alzada. **(2 puntos)**



PREGUNTA 2. XEOMETRÍA, ARTE E CONTORNO.





A concellaría de Cultura do concello da súa cidade promove un concurso de ideas para o deseño do cartel de promoción da Exposición Canina Local, coa condición de que o principal elemento gráfico sexa un **can**. Tomando como referencia a Nadja Buechler na pregunta 1, realice a súa proposta de deseño modular xeométrico inspirado no exemplar achegado. Utilice circunferencias enlazadas de diferentes dimensións nunha das retículas dadas. Debe ter en conta que na comisión que debe resolver o concurso hai expertos que valorarán a diversidade de enlaces, a resolución técnica e a coherencia do deseño. **(2 puntos)**



**DEBUXO TÉCNICO APLICADO ÁS
ARTES PLÁSTICAS E AO DESEÑO II**

PREGUNTA 3. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN DO ESPAZO APLICADO E NORMALIZACIÓN E DESEÑO DE PROXECTOS.

Dadas as proxeccións diédricas do elemento escultórico representado a escala 1:1, debuxe a isometría a escala 2:1, sen coeficientes de redución, sobre os eixes proporcionados. Represente as liñas ocultas. **(3 puntos)**



**DEBUXO TÉCNICO APLICADO ÁS
ARTES PLÁSTICAS E AO DESEÑO II**

PREGUNTA 4. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN DO ESPAZO APLICADO E NORMALIZACIÓN E DESEÑO DE PROXECTOS.

Dadas as proxeccións diédricas da figura, debuxe a perspectiva lineal oblicua de plano de cadro vertical π a escala 1:1 indicando partes vistas e ocultas. **(3 puntos)**

